


# INSTRUCCIÓN PARA O PACIENTE DE CIRURXÍA AMBULATORIA

## EN TRAUMATOLOXIA

### Que é a CMA?



CMA

A patoloxía que vostede sofre pode ser tratada mediante CIRURXÍA AMBULATORIA.



Isto significa que **NON PRECISA INGRESO** hospitalario. O mesmo día acudirá ao hospital, será operado e dado de alta.



Días antes da operación, contactaremos **POR TELÉFONO** con vostede para informar do **DÍA E HORA** da súa cirurxía.





Debe vir acompañado por outra persoa.



Para poder realizar un procedemento cirúrxico en réxime ambulatorio debe cumprir as **SEGUINTE INDICACIÓN**:

### Día anterior á cirurxía

- Debe gardar XAXÚN.
- Non pode comer nin beber nada (nin auga) dende as 12 da noite do día anterior.



24H



## Día da cirurxía



### ASEO

- Dea un BAÑO ou DUCHA antes de acudir ao Hospital.



### HORA

- Debe presentarse PUNTUAL en Admisión do Hospital Naval.



### OBXECTOS

- Non leve xoias, maquillaxe, laca de unllas...



### IMPORTANTE

- Como norma xeral, DEBE TOMAR O SEU TRATAMENTO HABITUAL cun sorbiño de auga, salvo que o seu médico lle informase do contrario.
  - Sobre todo NON ESQUEZA TOMAR o tratamento de:
    - Hipertensión arterial.
    - Hipotiroidismo.
    - Ansiedade e depresión.
  - Se vostede ten **DIABETES**:
    - **NON TOME** nin o antidiabético oral nin poña a insulina na mañá da cirurxía.



## Despois da cirurxía

- A intervención cirúrxica farase con ANESTESIA LOCAL, polo que tras unha BREVE ESTADÍA no Hospital será dado de ALTA ao seu domicilio.
- Recibirá información das indicacións a seguir por parte do seu cirurxián/á.



Desexámoslle que se recupere axiña.  
Pode encontrar e ampliar máis información na web [www.ferrol.sergas.gal](http://www.ferrol.sergas.gal)

Servizo de Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía  
**Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol**

